

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA



**D a**  
**S e m e n t e á**  
**Á r b o r e**  
**U n b e n p a r a a**  
**n o s a v i d a**

Intervención paisaxística nas Torres Hejduk de  
**Mónica Rodríguez Parceró**

**22 MAR — 04 AGO de 2024**

Entrada de balde  
[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)



XUNTA  
DE GALICIA

**D a**  
**S e m e n t e á**  
**Á r b o r e**  
**U n b e n p a r a a**  
**n o s a v i d a**

**22 MAR — 04 AGO de 2024**

De luns a domingo | De 10 a 20 h  
[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)



# Da Semente á Árbore

## Un ben para a nosa vida

O día 21 de marzo celébrase o Día Internacional dos Bosques. Ecoloxicamente, os bosques caracterízanse pola dominancia dun estrato formado por árbores. A árbore é o elemento principal deste ecosistema, onde conviven unha gran diversidade de especies, tanto animais como vexetais.

Do mesmo xeito, as árbores xunto con outras especies arbustivas, de matogueira e herbáceas tamén conforman o monte.

Destacar a importancia dos bosques e do monte e a súa multifuncionalidade son os obxectivos principais desta intervención.

Os bosques e o monte teñen numerosos bens e servizos porque:

- Contribúen na mitigación do cambio climático.
- Achegan protección ao chan.
- Conservan os recursos hídricos.
- Fixan dióxido de carbono e liberan osíxeno.
- Regulan o clima.
- Son fontes de recursos naturais e de materias primas como a madeira, outros produtos e subprodutos como a cortiza, a resina ou os cogomelos.
- Albergan numerosos hábitats, que contribúen a unha maior biodiversidade de especies animais e vexetais.
- Teñen unha función paisaxística, social, cultural e no ámbito recreativo e do lecer.

Ao falar das árbores non podemos esquecernos das sementes e dos froitos, que son o material forestal de reprodución de partida, que garante a existencia das plantas que se converterán nas futuras árbores. Coñecer e divulgar a súa orixe, a calidade xenética das sementes contribúe a tomar conciencia da importancia das nosas masas forestais.

# Os froitos e as sementes das especies forestais

Os froitos son os órganos procedentes da flor que albergan e protexen ás sementes ata que estas maduran.

As sementes son as unidades de reprodución sexual das plantas. A súa función é a de multiplicar e perpetuar as especies no medio ambiente.

As sementes para cumprir estas funcións, precisan madurar, separarse da planta nai e atopar unhas condicións ambientais axeitadas de temperatura e humidade para que dea lugar a xerminación e polo tanto o nacemento dunha nova planta.

## — As especies forestais protexen e dispersan as súas sementes de formas diferentes:

- As **ximnospermas** ou **coníferas**, coma os piñeiros do xénero *Pinus*, protexen as súas sementes dentro das piñas por períodos de tempo prolongados, ata que se acadan as condicións óptimas de madurez das sementes. A dehiscencia ou apertura das piñas permite a dispersión das sementes ou piñóns, pero en ocasións as piñas permanecen nas pólas das árbores sen abrir e a súa apertura está condicionada pola baixa humidade ambiental e as altas temperaturas. A maior parte dos piñeiros teñen sementes cun peso moderado e con ás que permiten que a dispersión e a diseminación sexa pola acción do vento.

- As **anxiospermas** ou **frondosas**, contan con órganos reprodutores dispostos en flores que ao chegar á madurez se convierten en froitos. En función das distintas especies, a dispersión das sementes, pode levarse a cabo a través de pequenos mamíferos ou roedores nos canceiros do xénero *Sorbus* spp., ou pola acción do aire coma no caso das sámaras ou froitos con ás do pradairo, *Acer pseudoplatanus*; ou sinxelamente pola acción da gravidade en especies que deixan caer directamente os seus froitos ou sementes ao chan, como poden ser os carballos do xénero *Quercus* spp. ou os castiñeiros, *Castanea sativa*.

Coñecer aspectos básicos da bioloxía das especies forestais, a forma en que protexen as súas sementes nos froitos e a súa dispersión e diseminación, é fundamental para planificar as datas e técnicas de recollida de sementes para levar a cabo o seu posterior almacenamento, conservación e tratamento.

Se a estes aspectos lles engadimos a calidade xenética da semente, temos en conta a orixe e a rexión de procedencia do material a empregar e que se atope nun bo estado sanitario, estaremos en condicións de ter un material forestal de reprodución de calidade. Isto vai garantir o éxito na xerminación das sementes no viveiro e na produción de plantas forestais para o establecemento de futuras masas forestais.

Dentro do ámbito estritamente forestal, a normativa sobre materiais forestais de reprodución recolle que as sementes e os froitos que se empreguen para multiplicar especies forestais con fins destinados á silvicultura, teñen que ser recollidos nunhas unidades que se denominan, materiais de base ou unidades de admisión. A nivel autonómico estarán inscritos no Rexistro galego de materiais de base e a nivel estatal no Catálogo nacional de materiais de base.

—

**As unidades de admisión ou materiais de base por definición poden ser:**

- **Fontes de semente:** son árbores situadas nunha superficie extensa, ben distribuídas e en número e densidade suficiente para asegurar unha axeitada interpolinización. Para a súa aprobación só é obrigatorio coñecer a orixe e que estea situada nunha única rexión de procedencia.
- **Mouteira:** é unha poboación de árbores que posúen suficiente uniformidade na súa composición e están dentro da mesma rexión de procedencia. Para que sexa unha poboación, en sentido demográfico, as árbores van ser da mesma especie e polo tanto, nun sentido xenético, van compartir un conxunto de xenes que lles vai permitir que haxa cruzamentos entre eles.
- **Hortos de semente:** son plantacións de clons ou de proxenies seleccionadas, con suficiente illamento para que non se leve a cabo a polinización externa; xestionadas para que as colleitas de material sexan abundantes, frecuentes e de recollida doada.
- **Proxenitores de familia:** son árbores empregadas para obter proxenie, mediante polinización controlada ou libre, dun proxenitor identificado utilizado como femia co pole dun proxenitor ou proxenitores identificados ou non identificados.
- **Clon:** é un grupo de individuos (ramets) que proceden mediante propagación vexetativa (acodo, esgallos, enxerto ou cultivo "in vitro") dun único individuo (ortet) .

—

**As sementes e os froitos recollidos nas distintas unidades de admisión poderán ter distintas categorías:**

**Identificada**

- Proceden de fontes de semente ou de mouteiras.
- Non hai selección dentro da poboación.
- Non hai ningún tipo de avaliación de caracteres.
- A ganancia xenética é escasa.
- A etiqueta de comercialización dos materiais identificados é de cor amarela.

**Seleccionada**

- Proceden exclusivamente de mouteiras.
- Hai selección a nivel da poboación.
- Hai traballos de avaliación: fenotípica por forma ou pauta de crecemento (rectitude, bifurcación e ángulo das ramas, entre outros) ou por características tecnolóxicas da madeira (densidade da madeira e módulo de elasticidade).
- A ganancia xenética é baixa.
- A etiqueta de comercialización dos materiais seleccionados é de cor verde.

**Cualificada**

- Proceden de hortos de semente, proxenitores de familia e clons.
- Hai selección a nivel individual de árbores plus.
- Os traballos de avaliación e selección a nivel individual poden ser entre outros por forma e pauta de crecemento, propiedades da madeira ou adaptabilidade e resistencia a enfermidades.
- Non hai necesariamente test de proxenie.
- A ganancia xenética é media.
- A etiqueta de comercialización dos materiais cualificados é de cor rosa.

**Controlada**

- Proceden de mouteiras, hortos de semente, proxenitores de familia e clons.
- Hai selección a nivel individual de árbores plus ou poboacional para o caso dos materiais das mouteiras.
- Hai traballos de avaliación xenética, con ensaios e suxeitos a uns criterios que fixa a normativa.
- Obrigatoriamente hai test de proxenie que demostran a categoría controlada do material.
- A ganancia xenética é alta.
- A etiqueta de comercialización dos materiais controlados é de cor azul.

—  
**En Galicia contamos cun total de 235 unidades inscritas no Rexistro galego de materiais de base e no Catálogo nacional de materiais de base.**

	Identificada	Seleccionada	Cualificada	Controlada
Fontes de semente	92			
Mouteiras	24	52		
Hornos de semente			13	3
Proxenitores de familia			6	
Clons			28	16
<b>Total</b>	<b>116</b>	<b>52</b>	<b>48</b>	<b>19</b>



# As plantas e as partes de planta forestais

As plantas son os materiais forestais de reprodución obtidos a partir de sementes, froitos ou partes de plantas.

As partes de planta son o material de reprodución como esgallos, embrións para micropropagación, xemas, acodos, raíces, pugas para enxertos, varetas ou calquera outra parte dunha planta, que estimuladas axeitadamente, teñan capacidade para producir raíces e sexan capaces de producir unha nova planta.

—  
**A rexeneración das masas forestais pode ser de dúas formas:**

- **Natural:** é a obtida pola dispersión natural das sementes da masa adulta.
- **Artificial:** é a realizada por sementeira directa ou plantación de planta producida nos viveiros forestais.

—  
**A multiplicación das plantas pode ser:**

- **Por vía sexual:** as plantas mediante a polinización desenvolverán un froito que en condicións normais albergará unha semente. Mediante as sementes, darase lugar a novas plantas que van compartir características xenéticas cos seus proxenitores pero que van ser xeneticamente distintas a eles polo que se aumenta a variabilidade xenética.
- **Por vía asexual:** utilizando técnicas de propagación vexetativa como o acodo, o enxerto, os esgallos ou a biotecnoloxía mediante cultivo "in vitro". A partir de partes de planta reproducése unha nova planta que vai ser xeneticamente igual ao proxenitor empregado como material de partida.

Os viveiros forestais, mediante a reprodución sexual ou sementeira, encárganse de levar a cabo o proceso produtivo das plantas forestais. Para a planificación da produción dun viveiro forestal. Deben terse en conta aspectos como o lugar da sementeira; o tipo de cultivo, ben sexa a raíz núa ou en envase forestal; a cantidade de semente a empregar; a especie; o substrato; a profundidade de sementeira no alvéolo; as condicións de temperatura e humidade e a época da sementeira .

É importante que a produción das plantas no viveiro se faga atendendo a criterios que permitan obter plántulas de calidade superior, tanto pola súas condicións fisiolóxicas coma pola súa condición xenética, que as plantas sexan dun tamaño axeitado e que estean libres de pragas e enfermidades, todo isto co fin de asegurar o éxito da plantación forestal ou reforestación.

—  
**As plantas por ser materiais forestais de reprodución, ao igual que as sementes e os froitos, están suxeitos a un control na súa produción e na súa comercialización e as súas categorías son:**

Identificada

Seleccionada

Cualificada

Controlada

Na comercialización das plantas forestais, co obxecto de garantir a identidade e a orixe dos materiais forestais de reprodución, cómpre que a planta vaia acompañada dun documento da persoa provedora e dunha etiqueta na que se identifique a calidade do material. Tamén se achegará o pasaporte fitosanitario que garante a protección contra a introdución de organismos nocivos para os vexetais así como a súa propagación polos países membros da UE.





# As árbores forestais

## As árbores forestais son plantas que destacan polas seguintes características:

- Ter un talo fortemente lignificado ou leñoso.
- Acadar un límite de altura na madurez que en función da especie, pode chegar ata os sete metros.
- Existir unha clara diferenciación do tronco e da copa.
- Ramificar a certa altura do chan .
- Presentar unha clara dominancia apical.

Aquelas plantas leñosas que non cumpren con estas características e poden ter máis dun tronco, ramificar dende o chan e ter un menor porte son consideradas arbustos.

## As partes da árbore son:

- **Raíz:** parte subterránea da planta encargada de captar auga e sales minerais e proporcionar o soporte e a ancoraxe da planta no chan.

A raíz típica caracterízase por unha raíz principal pivotante de maior grosor e tamaño sobre a que ramifican as raíces secundarias de menor grosor.

- **Tronco:** encargado de soste a parte aérea da árbore que transporta a auga e os nutrientes ás distintas partes da árbore.

No tronco, a nivel do cámbium, que é unha fina película que hai entre a albura e a cortiza que é a encargada de protexer o zume da árbore, prodúcense novas capas de tronco en cada época do crecemento. O crecemento de cada ano deixa unha marca na albura, que é a parte nova e viva da madeira, estas marcas son os aneis de crecemento que se poden apreciar nun corte transversal do tronco e que indican a idade da árbore.

- **Rama:** medra a partir dunha certa altura do chan deixando unha parte de tronco libre de nós. Xunto coas follas as ramas dan forma á copa da árbore.

- **Folla:** parte aérea onde as árbores, como seres vivos autótrofos que son, fabrican o seu propio alimento. Grazas á clorofila presente nas follas e xunto coa luz solar posibilitase a realización da fotosíntese pola que a materia inorgánica se transforma en materia orgánica.

## As árbores poden ser de folla caduca ou de folla perenne.

- As árbores **caducifolias** caracterízanse por presentar unha follaxe laminar, ancha e caduca. Cando chega a estación con baixas temperaturas, as follas destas árbores empezan a secar, cambian de cor e logo caen, desaparece a necesidade de absorber nutrientes e luz solar, polo que as árbores empezan a perder as súas follas e entran nun estado de parada vexetativa.
- As árbores **perennifolias** presentan unha follaxe de tipo laminar, ancha, estreita, que está sempre verde. As follas non mudan en función das épocas estacionais de máis frío, a renovación da follaxe prodúcese de forma paulatina ao longo dos anos, de maneira que unhas caen e outras medran no seu lugar.

As coníferas poderían incluírse na categoría de perennes pero dado que a súa estrutura reprodutiva é moi diferente, e o tipo de folla é estreita, linear e en forma de acículas é habitual consideralas como outro tipo de árbores. As acículas renóvanse paulatinamente ao longo de tempo.

En Galicia contamos cun inmenso patrimonio natural no que hai unha gran representación de especies e árbores forestais, preto de 1,5 millóns de ha de superficie arborada. Podemos distinguir entre as árbores utilizadas habitualmente na reforestación forestal como son os piñeiros e os eucaliptos, e as árbores do país ou autóctonas entre as que destaca o carballo cunha maior representación en superficie segundo os datos que se desprenden do Inventario Forestal Continuo elaborado a nivel do ámbito galego.

## Árbores autóctonas

- **O roble común** ou **carballo**, *Quercus robur*, presente en toda a comunidade galega, caracterízase por ter follas caducas, lobuladas, sen pelo e sen pecíolo ou cun pecíolo moi curto. Os seus froitos son as landras, que se asentan sobre un pedúnculo longo.

- **O carballo albar**, *Quercus petraea*, máis escaso en Galicia, as follas tamén son caducas, lobuladas, lampiñas pero cun pecíolo bastante longo. As landras son máis pequenas que as do carballo común e non se asentan sobre un pedúnculo.

- **O cerquiño** ou *Quercus pyrenaica*, está máis extendido por toda a comunidade galega e abunda no sur e sureste de Lugo e na provincia de Ourense. As follas caracterízanse por ter pelo, aveludadas sobre todo polo envés da folla.

Os lóbulos das follas son máis profundos se as comparamos cos outros carballos.

As masas forestais formadas por carballos como especie principal chamámoslle carballeiras ou fragas. En Galicia abundan as carballeiras e como exemplo delas temos a Fraga de Catasós en Lalín (Pontevedra), incluída dentro da rede de espazos protexidos da Rede Natura 2000.

- **O castiñeiro**, *Castanea sativa*, as súas follas son caducas, grandes, oblanceoladas. Os seus froitos son as castañas que están dentro dos ourizos, teñen un alto valor nutritivo e son moi apreciadas para a alimentación. Nas zonas onde hai incidencia da enfermidade da tinta, estanse a facer plantacións con portaenxertos híbridos resistentes á enfermidade, que en moitas ocasións se enxertan con variedades tradicionais dos soutos galegos.

As masas forestais formadas por castiñeiros como especie principal chamámoslle soutos. En Galicia abundan os soutos nas provincias de Ourense e Lugo, como exemplo temos o Souto de Rozabales en Manzaneda (Ourense), espazo incluído na Rede Natura 2000.

- **O bidueiro**, *Betula pubescens*, é unha especie moi frugal que se adapta ben a calquera tipo de chan. Está presente en todo o territorio galego pero non abunda nas zonas próximas á costa nin na zona mediterránea do sur de Lugo e Ourense. A súa cortiza de cor branca e nalgúns casos nacarada é sen dúbida un dos aspectos que o fai inconfundible.

As masas forestais formadas por bidueiros como especie principal son os bidueirais. Como exemplo deste tipo de formacións e como espazo incluído na Rede Natura 2000 está o Bidueiral de Montederramo na Serra de San Mamede, Ourense.

- **A cerdeira**, *Prunus avium*, ten follas caducas, os seus froitos son as cereixas, que no caso das especies forestais son de cor vermello escuro, de pequeno tamaño, e cun sabor agridoce sen valor para a nosa alimentación pero cun alto valor na natureza porque serven de alimento a numerosas especies animais, entre elas as aves.

- **O pradairo**, *Acer pseudoplatanus*, está distribuído por toda Galicia. Ten follas moi grandes, palmadas, con cinco lóbulos e cun pecíolo longo de cor vermella. O pradairo parécese bastante ao falso plátano que se ve en parques e xardíns.

Os froitos do pradairo son secos con ás, as sámaras, que grazas as ás son transportados polo vento para favorecer a diseminación.

- **A aciñeira**, *Quercus ilex*, e **a sobreira**, *Quercus suber*, están distribuídas na Galicia mediterránea que se enmarca nos vales do río Miño e Canón do Sil. A sobreira, escapando un pouco da súa óptima estación, aparece tamén nos vales dos ríos do Atlántico: Tambre, Ulla e Umia. Estas dúas especies teñen follas perennes; a aciñeira destaca pola produción de landras en devesas para o aproveitamento dos froitos para o gando aínda que aquí en Galicia non é habitual.


As masas formadas por aciñeiras como especie principal son os aciñeirais e como exemplo en Galicia de aciñeiral mediterráneo situado nun dominio atlántico destaca o Aciñeiral de Cruzul, na Serra dos Ancares en Lugo tamén incluído na Rede Natural 2000.

Na sobreira o principal produto a destacar é a produción de cortiza que se pode extraer do tronco e das ramas máis grosas. Aquí en Galicia, hai pés de sobreiras con aproveitamento comercial para a produción de cortiza.

As masas formadas por sobreiras orixinan os sobreirais e como exemplo en Galicia destacan os Sobreirais do Arnego na Golada, Lalín e Vila de Cruces, incluído na Rede Natura 2000.

- **O ameneiro**, *Alnus glutinosa*, está presente nas marxes de moitos ríos de Galicia, é unha especie típica de zonas húmidas.  
Ten follas con pecíolo curto e de cor verde escura, algo máis claro polo envés. Os seus froitos teñen ás e aparecen en pequenos conos ou piñas.
- **Os freixos**, *Fraxinus excelsior* e *Fraxinus angustifolia*, de follas compostas, aserradas e caducas. A cortiza do tronco é grisácea cando son exemplares novos que torna a parda e agretada na idade adulta. Os folíolos no *Fraxinus excelsior* son máis anchos en comparación que os do *Fraxinus angustifolia*, que son máis estreitos.
- **A faia**, *Fagus sylvatica*, con menor representación en Galicia, está presente nas montañas orientais de Lugo e nas Serras do Courel e Os Ancares. As follas son simples, caducas, alternas e contan cun pecíolo curto e con pelos brancos sedosos na marxe das follas.  
É unha especie que crece lenta e pode chegar a ser moi lonxeva. As masas desta especie son os faias e en Galicia destaca o Faial de Pintinidoira na Serra dos Ancares en Lugo.

En Galicia tamén atopamos outras árbores e arbustos autóctonos como o **cancereixo**, *Sorbus aucuparia*; **o acivro**, *Ilex aquifolium*; **a abeleira**, *Corylus avellana*, **o teixo**, *Taxus baccata*; **o salgueiro**, *Salix atrocinerea*; **os chopos**, *Populus nigra* e *Populus alba* e menor representación **o chopo temblón**, *Populus tremula*; **os olmos**, *Ulmus glabra* e *Ulmus minor*; **o loureiro**, *Laurus nobilis*; **o érbedo**, *Arbutus unedo*; **o espiño albar**, *Crataegus monogyna*; **o escambrón**, *Pyrus cordata* e **o sanguíño**, *Frangula alnus*.



# Produtos e beneficios das árbores forestais

As árbores forestais son esenciais porque nos achegan multitude de produtos na medida en que contribúen ao beneficio da nosa vida e á do planeta.

Os bosques e as masas forestais desempeñan un papel fundamental nos seguintes aspectos:

—

## 1. Achegan a madeira como materia prima fundamental.

Dende o aproveitamento forestal no monte ata a elaboración do produto final, a madeira pasa por un proceso de transformación.

Os procesos básicos na primeira fase de transformación da madeira son un conxunto de traballos como a poda, a tala, o transporte, o descortizado, o tronzado, o secado e o cepillado da madeira.

A partir deste momento, a madeira pode seguir un proceso de transformación máis ou menos elaborado, en función do produto final desexado:

\* **A industria da primeira transformación** proporciona madeira para serra, taboleiros contrachapados e chapas, taboleiros de partículas e de fibras, e para a pasta de papel.

\* **A industria de segunda transformación** comprende a madeira para carpintería e ebanistería, embalaxes, travesas, postes e a madeira laminada empregada como madeira estrutural na construción.

Deste xeito, a partir da madeira, temos multitude de produtos como: o papel e todos os seus derivados, cadernos, libros, papel de cociña, panos de mesa; o cartón: caixas, arquivadores, papel kraft, cartolinas, embalaxes, etiquetas, vasos; pratos; os distintos taboleiros empregados para carpintería e construción; o mobiliario de carpintería: mobles e cociñas; a madeira empregada na construción: vigas, solos, portas e ventás; as caixas de embalaxe; utensilios para empregar na cociña e o baño; pinzas da roupa; perchas; lapis; bolígrafos, madeira para tonelería e barricas de viño, para facer pezas de escultura e artesanía; apeiros de labranza, zocas, instrumentos musicais, etc..

—

## 2. Son unha importante fonte de recursos naturais como:

- As leñas, empregadas para a combustión.
- Os froitos, con aproveitamento para consumo humano e para o gando: castañas, landras, noces, abelás...
- As fibras vexetais obtidas a partir da madeira para realizar tecidos de gran resistencia, absorción eficiente da humidade e suavidade para a pel.
- As resinas para a elaboración de pinturas e vernices.
- As forraxes que se extraen do sotobosque e serven para alimentación do gando.
- O aproveitamento de cogomelos como poden ser o boleto, *Boletus edulis* ou o niscalo, *Lactarius deliciosus*.
- O aproveitamento das cortizas procedentes da sobreira para a elaboración de tapóns para as botellas ou paneis de cortiza.
- A biomasa forestal aproveitada en forma de combustibles e pélets para as caldeiras.
- O aproveitamento da cortiza, follas e flores das distintas especies forestais para a elaboración de multitude de produtos relacionados coa homeopatía e medicina natural.

—  
**3. Mitigan o cambio climático porque fixan o dióxido de carbono e actúan como verdadeiros sumidoiros ou almacén de CO<sub>2</sub>. Coa fotosíntese, as árbores absorben o dióxido de carbono presente na atmosfera, que é un dos gases principais que provocan o aumento do efecto invernadoiro.**

—  
**4. Liberan osíxeno como resultado da fotosíntese, os bosques actúan como "pulmóns do planeta" e purifican o aire.**

—  
**5. Son o hábitat natural dunha gran cantidade de seres vivos. Albergan ecosistemas de plantas e animais, polo que contribúen a aumentar a biodiversidade. Serven de refuxio dende pequenos invertebrados ata grandes mamíferos.**

—  
**6. Fixan o solo coa extensa rede de raíces e coa capa de materia orgánica que hai no chan. Contribúen na prevención de inundacións, erosións e favorecen a estrutura do chan.**

—  
**7. Favorecen a regulación dos recursos hídricos xa que as árbores son coma esponxas que absorben a auga e a acumulan, liberándoa á atmosfera en forma de vapor de auga e contribuíndo na regulación das conchas hídricas.**

—  
**8. Proporcionan sombra e arrefrían achegando frescor ao ambiente mediante o proceso de transpiración que levan a cabo as follas das árbores.**

—  
**9. Melloran a nosa calidade de vida, saúde e benestar. Proporcionan espazos que contribúen a mellorar o ámbito recreativo e de lecer.**

—  
**10. Teñen unha función paisaxística fundamental e xogan un papel importante no desenvolvemento social e económico das poboacións.**

—  
**11. Son de importancia cultural porque están ligados á identidade e ás tradicións da cultura local das súas poboacións.**



# O bosque atlántico

Os bosques atlánticos están condicionados pola presenza do océano. Estes bosques son ecosistemas nos que a vexetación está adaptada a unhas condicións máis húmidas que nas formacións do interior e que se caracterizan porque apenas teñen período de seca estival.

Ao longo do tempo, o ser humano e o clima actúan sobre a paisaxe e condicionan a vexetación, que neste tipo de bosques adoita estar representada por carballos de *Quercus robur* acompañados de:

- **Bidueiro** (*Betula pubescens* spp. *celtica*).
- **Ameneiros** (*Alnus glutinosa*), **freixos** (*Fraxinus excelsior* e *Fraxinus angustifolia*), **salgueiros** (*Salix atrocinerea*) que forman un bosque de ribeira ligado ás marxes e ribeiras dos ríos. Estas especies contribúen a formar un espazo fresco, con sombra e que proporciona alimento para a vida acuática dos ríos.
- **O loureiro** (*Laurus nobilis*), **a abeleira** (*Corylus avellana*) e **o acivro** (*Ilex aquifolium*) ocupan o sotobosque e son fonte de alimento para a fauna que habita nestas formacións arbóreas.
- **O sanguíño** (*Frangula alnus*), **o pradairo** (*Acer pseudoplatanus*), **o espiño** (*Crataegus monogyna*) e froiteiras silvestres coma **a maceira** (*Malus sylvestris*) e **a pereira** (*Pyrus cordata*) tamén están presentes neste tipo de bosques.

Cada outono, as árbores caducifolias dos bosques ou masas forestais do clima atlántico desprenden toneladas de follas que se van descompoñendo para formar un escuro manto de materia orgánica chamado humus.

A madeira morta e as follas son atacadas por multitude de fungos, insectos, bacterias e miñocas que se encargan do proceso de descomposición final. Deste xeito, regresan ao solo os nutrientes básicos que cada árbore tomou da terra en forma de minerais como son o nitróxeno, o fósforo e o potasio e péchase o ciclo de mantemento do bosque.

Nestas formacións tamén atopamos liques, fentos e plantas de matogueira coma **o toxo** (*Ulex europaea*) que tingue de amarelo a paisaxe coa súa flor, **a chorima**; **a xesta** (*Cytisus scoparius*) e **as uces** ou **queiroas** de cores rosa, púrpura e branco (*Erica cinerea* e *Erica arborea*) que serven de refuxio para moitas especies animais.

Cómpre destacar o gran valor biolóxico dos matos e a súa importancia a nivel ecolóxico. O seu aproveitamento tamén foi unha importante fonte de recursos como alimento e cama para o gando e combustible nos fornos e cociñas.

As matogueiras son o paso intermedio na aparición dos bosques, do mesmo xeito que, a desaparición dos bosques dan lugar á aparición dos matos.

Como exemplos de bosques da Galicia atlántica está o Parque Natural das Fragas do Eume, na comarca do Eume; o bosque encantado de Aldán en Cangas do Morrazo ou a Devesa de Nimo na beira do río Tambre, na comarca de Noia.



# O bosque mediterráneo

A maior parte do territorio galego atópase dentro dun macrobioclima temperado que se caracteriza pola ausencia ou escaseza de seca estival.

Cómpre destacar a presenza dalgúns áreas xeográficas situadas no extremo sueste de Galicia, Ribeira Sacra, Canón do Sil, Quiroga e Comarca de Valdeorras, onde se verifica a existencia dun macrobioclima mediterráneo.

Este concepto de mediterráneo, dende un punto de vista bioclimático e atendendo ao desenvolvemento dos seres vivos, implica un período de seca de polo menos dous meses de duración, coincidindo coa época estival.

Este episodio de seca tradúcese nun factor limitante na fisioloxía de numerosas especies vexetais que ligado a factores de exposición, topografía, edáficos (como a profundidade do solo), a porosidade e a retención da auga así como os debidos á acción do home, condicionan a vexetación neste tipo de masas nas que podemos atopar:

- **Castiñeiro** (*Castanea sativa*).
- **Acíñeiras** (*Quercus ilex* spp. *rotundifolia*).
- **Sobreira** (*Quercus suber*).
- **Érbedos** (*Arbutus unedo*), **escornacabras** (*Pistacia terebinthus*), **cancereixos** (*Sorbus aucuparia*) ocupan o sotobosque e son fonte de alimento para a fauna que habita nos bosques galegos de clima mediterráneo.
- **O espiño** (*Crataegus monogyna*), o **abruñeiro** (*Prunus spinosa*) e **as roseiras bravas** tamén están presentes neste tipo de bosques. Os espiñeiros producen froitos carnosos que sumado ao efecto das espiñas, proporcionan un enorme valor para a avifauna destas zonas.

Como especies de matogueira atopamos as **uceiras** ou **breixeiras** de cor vermella (*Erica australis* spp. *aragonensis*) acompañada da **carqueixa** (*Pterospartum tridentatum*), **carpaza** (*Halimium lasianthum*) e a **queiroa** (*Erica cinerea*).

**A xara** (*Cistus ladanifer*) é unha formación de matogueira tipicamente mediterránea e acidófila. Acostuma estar acompañada pola **xesta** (*Cytisus* sp. e *Genista hystrix*), o **cantroxo** (*Lavandula stoechas* spp. *sampaioana*) e especies de uz coas que adoita mesturar.

**O tomiño** (*Thymus zygis*) e o **ourego** (*Origanum vulgare*) tamén aparecen presentes nestas formacións.

As beiras dos ríos están cubertas con vexetación riparia a base de **salgueiros** (*Salix* sp.), **ameneiros** (*Alnus glutinosa*) e **chopos** (*Populus nigra*).

Exemplo dun bosque de carácter mediterráneo en Galicia é o Parque Natural Serra da Enciña da Lastra, no concello de Rubiá na Comarca de Valdeorras, provincia de Ourense.



**D a**  
**S e m e n t e á**  
**Á r b o r e**  
**U n b e n p a r a a**  
**n o s a v i d a**

Intervención paixasística nas Torres Hejduk de  
**Mónica Rodríguez Parco**

**22 MAR — 04 AGO de 2024**

De luns a domingo | De 10 a 20 h  
[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)